

## a memoria das mulleres

*Este texto foi publicado o 14 de xullo de 2016, coincidindo co centenario do nacemento de Antonio Dios Vázquez, irmán de Edelmiro Dios Vázquez, asasinado polos fascistas o 5 de setembro de 1936.*

### Fotografías:

As imaxes foron doadas do arquivo familiar por Araceli Dios, Pitusa Torres e Mena Rey.

- 1 Edelmiro Dios.
- 2 Lugar do cemiterio de Bora onde enterraron a Edelmiro Dios.
- 3 O matrimonio Dios Vázquez cos fillos, netos e netas maiores, e Edelmiro Vázquez coa súa muller.
- 4 A señora Pepa e o señor Antonio cos fillos pequenos.
- 5 Nita (de cadros) e Tucha.
- 6 Fina (arriba) e Tucha (terceira mirado cara abaixo).
- 7 A señora Pepa co seu fillo Toñito, ao que afastou da casa para que non o prenderan.
- 8 A bandeira da Sociedade de Agricultores de Salcedo, bordada pola señora Pepa.
- 9 A señora Pepa coa súa filla Mayra, á dereita da foto, e Lita García, amiga da familia e nora de Ramiro Paz, tamén asasinado polos fascistas o 12 de novembro de 1936.

**Foto de Portada:** A señora Pepa e o seu home, en primeiro plano, cos fillos detrás de menor a maior.

Este texto foi realizado por Montse Fajardo, do equipo de *A memoria das mulleres*, a partir das entrevistas feitas a varias persoas da familia Dios Vázquez. Agradecemos tamén a información facilitada por Xosé Álvarez Castro, autor do blog *Pontevedra nos anos do medo* (<http://anosdomedo.blogspot.com.es>)



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

Concellaría de Patrimonio Histórico



A Memoria das **MULLERES**

# Familia Dios Vázquez

(Pontevedra)





## A familia Dios Vázquez

### Pontevedra

A familia Dios Vázquez, propietaria da coñecida fábrica do Ferreiro do Pino, foi unha das que sufriu con maior cruza a represión desatada en Pontevedra tras o golpe de Estado de 1936. **Os fascistas asasinaron a Edelmiro, o maior dos once fillos de Antonio Dios Gómez e Josefa Vázquez Juncal, e levaron presos ao seu pai e ás súas dúas irmás maiores, Esclavitud e Serafina.** Tucha e Fina, como as chamaban en familia, foron ademais rapadas e afastadas da súa profesión de mestras. Permaneceron no cárcere dous meses e o seu pai, cinco. Para sacalos, o propietario da factoría, o tío Edelmiro Vázquez Juncal, tivo que pagar tres mil pesetas. Non foi a única represión económica. Tanto el como o outro irmán de Josefa, Pepe Vázquez, **tiveron que aboar cuantiosas multas económicas** e ademais, **a empresa foi obrigada a fabricar munición para o exército franquista, balas como as que lle quitaran a vida a Milucho,** como chamaban na casa a Edelmiro Dios Vázquez.

A pesar da súa pertenza a unha familia en boa posición económica, **Milucho implicárase desde moi novo en organizacións sindicais e agrupacións políticas de esquerdas, provocando unha imaxe que quedou marcada para sempre na memoria colectiva: a de patróns e obreiros baixando xuntos desde o Ferreiro do Pino nas manifestacións do 1 de maio.** O seu compromiso provocoulle o primeiro arresto tras os sucesos de outubro de 1934, cando era presidente das Xuventudes Socialistas de Pontevedra. Dous anos despois, **cando ten lugar o golpe militar, era vicesecretario do PSOE e responsábel das actividades de axitación e propaganda (Agit-prop) do Socorro Rojo Internacional,** polo que se ve obrigado a agocharse e faino na casa familiar dun compañeiro, Faustino García Puga.

Mentres, na casa dos Dios comezan os rexistros. Os cívicos chegan a calquera hora e o can da familia, Leal, ladra para avisalos e por iso, unha noite, crávanlle unha baioneta na testa, unha imaxe cruel que aínda que só foi o principio de moitos outros padecementos, quedou para sempre marcada na memoria familiar. Nun deses rexistros, os cívicos baleiran a biblioteca de Milucho e **na madrugada do 4 do setembro**

**atópano a el. É detido en Santa Cristina de Cobres xunto a Faustino García, quen tras recibir unha forte malleira é abandonado na porta do Hospital e salva a vida. Milucho non ten tanta sorte e é “paseado” o 5 de setembro.** A súa irmá Fina vai levarlle a cea na última noite e atópaos moído das malleiras. El dálle ánimos, dille que non vai pasar nada, que teñen que seguir na loita, que el vai seguir traballando polos seus ideais tan pronto saia do cárcere. Pero a súa irmá sabe que non se van ver máis e ao saír da cela, presa dun ataque de nervios, emprénde a empurróns e puñadas co garda, que lonxe de agredila intenta calmala.

**Ao día seguinte, Edelmiro Vázquez dálle a nova á súa irmá:** Milucho foi asasinado e enterrado en Bora. **Josefa Vázquez, a señora Pepa, chora desolada polo seu fillo, sentada co seu home nas escaleiras da casa. É a primeira vez que non atopan consolo para unha muller pouco dada ás lamentacións,** unha muller forte que parira once fillos sen perder ningún naquel tempo de miseria. Aquel día, a señora Pepa vestiu co hábito de Santa Rita e nunca máis, ata que morreu en 1975, sacou o loito. O seu home deitouse co pelo negro e levantouse con el completamente cano. “Tivo

sorte —dixó o médico—, de que a tensión saíra así e non lle dera un derrame”.

A memoria oral conserva o relato de que Milucho foi obrigado a cavar a súa propia tumba. A familia tarda anos en poder recuperar os restos para levalos ao panteón familiar de Salcedo e fano grazas a unha rapaza que ve onde o enterran, marca o sitio cunha pedra e pasado o tempo dillo aos irmáns nunha visita que fan ao cemiterio.

**Nos primeiros días, os fascistas impedíronlles gardar loito por el e só vestían de negro de portas para dentro,** pero cando pouco despois morreu a súa avoa paterna, a avoa Claudina, aproveitaron para pór loito pechado polos dous e mesmo Raquel, a pequena das fillas da señora Pepa, que aínda non cumprira o ano cando asasinaron ao primoxénito, non vestía doutra cor.

Pero nin o asinato de Milucho puxo fin á presión sobre os Dios. Ás poucas semanas foron á casa deter a Antonio e as súas fillas Tucha e Fina. Querían levar tamén ao seguinte varón, Toñito, que daquela tiña vinte anos, pero a súa nai prevíao e afastárao da casa. **Os cívicos anunciaron que levaban a Tucha e**

**Fina ao cuartel para rapalas e a señora Pepa pediulles que lle deixaran cinco minutos coas fillas. Meteunas nunha habitación e ela mesma cortoulles o pelo.** De igual xeito rapáronas ao chegar ao cuartel, pero polo menos non lle quedaron coas longas trenzas.

Coas súas irmás en prisión, Nita, a cuarta filla do matrimonio Dios Vázquez, asumiu o peso das tarefas máis pesadas da casa. A muller que lles axudaba marchou, morta de medo polos continuos rexistros e insultos, e tampouco poderían pagarlle: as continuas sancións económicas, a intervención da factoría para a fabricación de munición, e o alistamento de moitos dos traballadores no bando nacional danou gravemente a economía dos Dios. **Nita lembrou toda a vida os insultos recibidos cando ía lavar ao río, mesmo por persoas ás que a súa nai lles quitara a fame que agora se unían ao bando vencedor.** Lembrou sempre a sucidade e os piollos que traían as roupas das súas irmás, presas xunto a outras mulleres como Emma Mourón, a compañeira do alcalde García Filgueira, Isolina Méndez, a de Tino Poza, ou as Corseteiras, as irmás Nicereta, María e Aurora Martínez, coas que as Dios forxaron unha fonda amizade.

Tucha nunca volveu exercer como mestra. Fina incorporouse ás aulas con 63 anos, xa morto o ditador, para poder cobrar a pensión que lles arraxaron aos cursillistas do 36. **Aquela visita ao seu irmán e o posterior paso pola cadea, sen saber se cada noite sería a última, marcouna fondamente.** Padeceu toda a vida un potente insomnio e nunca máis quixo acudir á igrexa.

A pesar do padecemento, a familia protagonizou acenos resistentes. As irmás Dios chegaron a chamarlle asasino a un dos homes que fora buscar a Milucho e negábanse a pór a obrigada bandeira na lapela para ir ás festas da Ruibal. **Toda a vida estiveron os Dios sinalados e no ano 68, cando a filla maior de Fina aprobou as oposicións, non a deixaban incorporarse ao seu posto por ser dunha familia non adepta ao réxime.**

A implicación da familia Dios nos ideais republicanos quedará para sempre prendida na bandeira da Sociedade de Agricultores de Salcedo, que a señora Pepa bordou coas súas propias mans cando o seu irmán Edelmiro era o presidente.